

COMO CREAR UN PLAN DE COMUNICACIÓN DE EMPRESAS SAUDABLES EN 10 PASOS



01 ANALIZA O TEU ENTORNO

Tes que coñecer a realidade á que te vas a enfrentar. Analízala tanto a nivel local, autonómico, nacional ou internacional, dependendo do ámbito no que opere a túa empresa. Necesitas entender como é o mundo e o medio no que vives para saber como contar as cousas. Iso determinará o enfoque do teu plan de comunicación.



02 ANALIZA A TÚA EMPRESA

Fai unha avaliación que che permita ter unha visión global, reforzar as iniciativas que funcionaron, propor outras novas e corrixiros erros.

Por un lado ten en conta o estado da comunicación interna: reunións informativas, entrevistas individuais, mails, taboleiro de anuncios, buzón de suxerencias, revista interna, intranet... E por outro, a externa: gabinete de prensa, publicidade e relacións públicas.

03 MARCA OS OBXECTIVOS

Hai dous tipos:

- Xerais: fomentar a saúde dentro e fóra do traballo.
- Específicos: por exemplo, conseguir que os empregados controlen o seu estado de saúde, promover o deporte, axudar a combater o estrés...

Estes teñen que ser: concretos, medibles, alcanzables, orientados a resultados e cunha data límite de execución.



04 DEFINE O TEU PÚBLICO OBXECTIVO



De todos os públicos que podes ter hai un colectivo máis numeroso e tes que saber cal é. Por exemplo, maiores de 40 anos, da localidade da Coruña, interesados na saúde. Nese caso poderíamos descartar a comunicación dixital.

05 E A MENSAXE



É o elemento que se quere comunicar, cun estilo e un ton de comunicación definido. É importante ser claro e conciso e sempre ter en conta ao público ao que nos diriximos.

06 DESEÑA UNHA ESTRATEXIA



Como vas chegar a ese público e aos obxectivos que te marcaches?

- Que linguaxe e que ton vas a empregar?
- Que canais usarás?

07 ESTABLECE AS ACCIÓNS

Que vas facer para lograr ese obxectivo? Por exemplo, se este é que un 25% do persoal practique exercicio físico habitualmente antes de final de ano, podes concretar a acción de organizar un campionato de badminton co premio dun fin de semana nunha casa rural, para o que usarías cartelería e mailing.





08 O ORZAMENTO

Canto me vai custar? Fai un Excel para estimar o custe de cada acción que deseñes.

ORZAMENTO DE COMUNICACIÓN			
ACCIÓNS	COSTO UNIDADE	UNIDADES	TOTAL
Fería	3.000€	1	3.000€
Deseño web	500€	1	350€
Mantemento de redes sociais	300€	12	3.600€
Publicidade en Facebook Ads	300€	2	600€
SEM	300€	3	900€
Deseño de cartel	300€	1	300€
TOTAL			8.750€

09 A CALENDARIZACIÓN

Reparte as túas accións nun calendario a un ano ou seis meses vista.



10 CONTROL

Alcanzaches os teus obxectivos? Mide os resultados xusto despois de facer cada acción, tendo en conta a inversión de tempo e diñeiro que realizaches.